

EXERCICIOS ACENTUACIÓN

1. Subliña a sílaba tónica e coloca o acento gráfico nas palabras que o precisen:

esforzo, tórax, música, aventura, chinés, déficit, Berlín, premer, hipócrita, funil, heroe, meteoro, pexego, prénsil, diocese, traquea, femur, ademais, alfil, fluidez, voleibol, nécora, iglu, coidate.

2. Pon acento gráfico nas palabras que o precisen:

chándal	esfera	almacéns	caracol	contamo	dúplex
dócil	azucré	rodapé	amencer	exército	consul
fútbol	téxtil	ascensor	xílgaro	mes	
tenis	lapis	autobuses	mandíl	escribellelo	compás
álbum	fiestra	alelí	veraz	caracois	compases

3. Indical cal é a forma correcta destes pares de palabras:

mísil/ misil

Termóstato/termostato

téxtil/textil

medula/médula

atmosfera/atmósfera

olimpiadas/olimpíadas

elite/élite

4. Acentúa, se cómpre, os seguintes latinismos e estranxeirismos:

hippy	telex	relax	búmerang	beisbol	jockey	tandems
superavit	réquiem	quorum	playboy	handicap	coñac	sandwich
haraquiri	ídem	smóking	autostop	rugby	smóking	complots

5. O "i" ou "u" tónicos acentúanse en contacto con outra vogal para indicar que non forman ditongo, isto é, marcar a existencia dun hiato. Pon acento gráfico ás palabras que o precisen.

Caída	fluír	flua ^{ai}	estudou	atribuo	súa	Tui
xesuíta	puído	ai ^{ai}	ateísmo	xuízo	radio	botei
azuís	decidiu	intuír	intuíu	triunfo	posúes	ruíns
atribuíble	teoría	raíz	heroico	altruísmo	saúdo	velaí

6. Fai o mesmo coas seguintes palabras:

Contribúan	muíño	Luíś	influe	parlian	fluidez
Apoio	esixiume	ferveu	partíuseme	miúdo	Coímbra
Fluído	bocoi	ademais	partiu	deixoute	meigo

7. Acentúa, se cómpre, as seguintes palabras:

comeu	poida	instruíu	pediu	puido
caeu	viuvo	Luíśa	aínda	industriais
raíl	collería	poema	heroe	náutico
contoullo	contóullelo	adecuou	cambiei	oficiais

8. Acentúa o seguinte fragmento.

Ademais ninguén sabía onde andariades metidos todo o día sen dárdenos un mínimo sinal de vida. Eu non sentín ruído ningún, pero os mais sentírono alá contra o muíño. Despois dixerón que foran uns animais, que andarían por aí. Así a todo, confiabamos en que tivésedes xuízo e non marchásedes máis abaixo, cara ao río, por onde fuxiu a cadela da tía Lucía.

9. Coloca os acentos gráficos precisos. Xustifica debidamente todos os casos de acentuación diacrítica que atópes.

- Ti non ves que el vén ferido? Ven, axúdao, que trae un óso roto.
- Non ma tes que dar. As cousas más son para vós.
- A bola esvaraba pola superficie lisa e chá da boleira.
- Vós facédeo fácil, hábil e friamente e así teredes o menor número de erros.
- Coa présa que levaba collín só unha presa de arroz e deixei moito máis do que debería traer.
- Se bo, se non, non yes tomar o té con nós nunca máis.
- Dalle o que pida. Eche unha persoa moi difícil de compracer.
- Naquel partido o xogador fora expulsado fóra do terreo de xogo.
- Cómpre que compre algún turrón máis
- Gústame máis o café con leite só.
- El leva a nena á gardería e vai traballar.

10-Pon os acentos gráficos que faltan no seguinte texto:

Nos veráns debemos prestarlle máis atención á nosa alimentación, xa que dela dependerá a nosa saúde. E nesta época cando os pais deben guiar mellor os meniños. A gastronomía proporcionanos interesantes consellos que non deberíamos desperdiciar.

Os pratos fríos, baixos en calorías e graxas e que acheguen o maior número de proteínas e nutrientes adecuados son os máis idóneos para xantar ao mediodía. A nosa alimentación debería estar baseada nas froitas, nos cereais e nos legumes do tempo, e deberíamos fuxir de preparados alimenticios foráneos empacitados e chegos de conservantes.

11.Pon os acentos gráficos que faltan no seguinte texto:

Tiña intención de durmir só un pouquiño, erguerse antes do abrente, botar man do cabalo Boligán e liscar, pero non acordou ata oír á muller que levaba dun lado a outro rachs para prender o lume, murmurando:

-Vai saír o sol. Eu non esperaría tan tranquila pola saída do sol. Como esperte, non haberá quen saque o cabalo Boligán da corte.

-Xa vou, xa vou -dixo Fa, erguéndose a toda velocidade.

-Eu non digo nada -dixo a muller-, pero se eu fose montar no cabalo Boligán apuraría.

Fa saíu a escape para a corte. Fóra, a néboa que viña do río enchía o rueiro coa foula do interior dun niño. O canto áspero do galo estrelouse contra o silencio da néboa, resoando como un aviso.

-Quiquiriquí, quiquiriquí.

(apura neníña, marcha de aquí!)

Cocorocó, cocorocó

(non tardes, non tardes, xa sae o sol.

12.Pon os acentos gráficos que faltan no seguinte texto:

Un día daqueles aparéceme na casa un dos pastores do meu gando que me di que vén a todo correr porque ao pé da Rocha do Corvo apareceu un estranxeiro que, sen máis nin máis, alá lle botou man ás ais ben mantidas vacas do rabaño e arramplou con elas como quen leva algo que lle pertence. Trataron os coidadores de llo impedir e empredeuna a paus con eles con tal furia que deixou no campo por mortos a máis da metade. Quentouseme entón o xenio e, sen pensalo dúas veces, agarrei a lanza e marchei ás carreiras para lle parar os pés ao ladrón. Vino como afalaba un par de becerriñas de curvados cornos e berreile de lonxe: "Parate aí condenado, que te atraveso!"

13. Pon os acentos gráficos que faltan no seguinte texto.

Os outros enmudeceron ao ver como tremían as pequenas mans da muller mentres agarraba con forza o revólver. Niso disparóuselle un tiro contra o teito e os tres comezaron a dar gritos alporizados. En medio da confusión, o tal Delmiro aproveitou para liscar por detrás dos sofás cara a porta exterior e botarse escaleiras abaixo. Rosiña saíu aloucadamente tras del coa arma na man e sentiuse nas escaleiras a detonación, multiplicada polo eco dun par de disparos. Despois a moza volveu entrar ás carreiras, pechou a porta dun golpe, pasou todos os ferrollos e asomouse ao balcón, desde onde volveu a descargar dous ou tres tiros máis contra o tal Delmiro cando intentaba saír pola porta principal en dirección á rúa. Logo, muda de estupor, entrou na sala outra vez, achegouse ao teléfono e, sen deixar de apreixar coa man dereita o revólver, marcou coa esquerda o número da policía.

Só acertou a dicir unhas palabras confusas. Despois rompeu a chorar e deixouse caer no sofá, alentando con dificultade e tremendo de axitación, mentres permanecía inmóbil e pálida como unha estatua de mármore.

14. Acentúa debidamente o seguinte texto:

As grandes mudanzas que notou a alimentación dos labregos no século XVIII están motivadas polo espallamento do millo e das patacas. No litoral occidental, o millo veu a convertewrse no único cereal de consumo popular. Conforme ía acadando importancia, a carne foi perdendo parte do papel que tiña na alimentación. Servía o millo, máis que nada, para facer papas e aínda non tanto para facer o pan. As patacas, pola súa banda, eran coñecidas de antigo como cultivo para cebar os porcos. As fames de metade do XVIII obrigaron os labregos a botar man delas e tamén a mudar as sementes. O feito de que se criasen debaixo da terra e non ao sol, como os froitos nobres; os numerosísimos rumores sobre enfermidades misteriosísimas que sobrevivían ao comelas; o almacenamento e a condimentación inapropiadas (comíanse sen pelar) todos estes eran motivos polas que o labrego miraba mal as patacas e prefería as castañas que tardaron ben tempo en ser substituídas polo tuberculo procedente de América.